

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 23 de decembro de 2024 pola que se publica a ampliación do crédito da Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809E).

No *Diario Oficial de Galicia* do 17 de xaneiro de 2023 publicouse a Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809E).

No artigo 22 da dita orde establécese a posibilidade de ampliar o orzamento dispoñible para o financiamento da orde.

Este incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; no suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ou no suposto dunha transferencia de crédito.

Na data actual, dado o volume de solicitudes recibidas que non poden ser atendidas co crédito inicialmente asignado e tendo en conta que, en vista do incremento experimentado das afeccións provocadas por esta especie, resulta imprescindible garantirles aos agricultores a compensación dos danos ocasionados polo xabaril que posibiliten a viabilidade dos cultivos agrícolas, faise necesario incrementar a dotación orzamentaria da convocatoria coa finalidade de reparar estes danos ao maior número de beneficiarios posibles.

En consecuencia, ao existiren outras dotacións que poden ser empregadas para este fin, resulta conveniente ampliar o crédito inicial consignado no artigo 22 da referida Orde do 19 de decembro de 2023.

Segundo o establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

CVE-DOG: 5s47q9a5-fvy7-lwz1-9dm2-3wowrd44xih3



Por todo o exposto, e no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo único

Amplíase a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas establecidas Orde do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT809E), que ten por obxecto apoiar as persoas titulares de explotacións agrícolas gandeiras afectadas polo xabaril e establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas coa finalidade de compensar estes danos.

O importe de 1.447.300 € inicialmente destinado incrementárase na contía de 2.664.270,03 €, polo que o importe total destinado para esta liña de axudas, unha vez ampliada a dotación orzamentaria, é de 4.111.570,03 €.

As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático con cargo á aplicación orzamentaria 36.04.541.B.470.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Disposición adicional única

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: 5s47q9a5-fvy7-lwz1-9dm2-3wowrd44xin3

